



## ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

De conformidade coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 18/09), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR NAIS E PAIS DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), **corresponde elixir no presente proceso electoral a dous nais/pais, dun total de tres que debe ter o Consello Escolar**. O outro representante das/os nais/pais continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.

2.- Son electores todos os pais e nais ou , se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do 30 de outubro está exposto no taboleiro de anuncios das eleccións ó Consello Escolar na entrada principal da planta baixa. **As reclamacións ao referido Censo** realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do día 6 de novembro**.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro e na páxina web no centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día 8 de novembro, presencial ou telematicamente.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día 11 de novembro, ás 16:30 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretaria/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 12 ao 19 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as , previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral , sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que estean avaladas cando menos pola firma de dez electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o día 20 de novembro, de 16:30 a 19:00 horas . A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público , ás 16:15 horas .



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

**IES Ordes**

Rúa Nicolás del Río s/n 15680 ORDES  
Teléfono 881960334 Fax 881960344  
ies.ordes@edu.xunta.es

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo dun nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou , se é o caso , o titor/a legal do alumnado.

10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos , que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

**Ordes, 30 de outubro de 2024**

**O DIRECTOR/A DO CENTRO E  
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL  
Manuel del Río Gómez**